

Pintor, pintor

LIX David Pintor volve a un formato case anecdótico en Galicia: o caderno de viaxe ou de artista



Ilustración de Compostela // David Pintor

Non está de máis salientar que David Pintor ocupa un posto destacado entre a nómina dos máis brillantes e recoñecidos creadores galegos dentro e fóra das nosas fronteiras

e que os seus traballos percorren o mundo. Co paso do tempo foi creando un estilo recoñecible e amosando os seus diferentes intereses: humor gráfico, cómic, caricatura, ilustración..., ao que se sumou, como desti-

nado polo seu apelido, o afondamento na faceta de pintor. Así, tras nos presentar o seu álter ego viaxeiro en *Ciudades de papel* (El Patito Editorial, 2009), volume galardoado co Gran Prix Michelin da Bienal de Clermont

Ferrand e que contou co complemento dunha exposición itinerante de grande aceptación, Pintor recunha no formato do caderno de viaxe ou caderno de artista, case anecdótico no contexto galego, e agasállanos cunha nova colección de ilustracións dedicadas a Compostela.

Tras un breve parágrafo de presentación, no que o autor suxire con acerto os requisitos ideais para gozar do libro, inclúense trinta estampas a dobre páxina que comparten o fío común de presentaren o coñecido protagonista, un violinista ocasional, ataviado con sombreiro e longo gabán, canda a súa inseparable bicicleta encarnada e mais os seus trebellos de pintor, un personaxe e uns elementos que outorgan unidade ao conxunto e da man dos cales paseamos pola cidade de pedra.

Sen palabras e para todo tipo de público, a proposta deste delicioso relato visual propón múltiples historias posibles, sonhos e sensacións susceptibles de desenvolvemento, pois este paseante activo participa do espazo cunha actitude leda e poética. O percorrido preséntanos unha cidade deserta, sen sombra de peregrinos nin doutros tópicos e o visitante solitario descansa sobre as pedras, se cadra sentindo o pasado nas súas costas; anima os cafés coas notas que arrinca do violín; goza das prazas e das rúas e visita as súas casas; desafia a gravidade e sobe aos tellados, gabea polas pe-

dras e mesmo bota a voar; descansa, observa ensimesmado e deixa correr a fantasía nos seus debuxos; navega polo mar na Praza da Quintana e mesmo soña con ser o protagonista dunha exposición do CGAC... Estas e outras moitas posibilidades son as que suxiren estas orixinais creacións nas que a realidade se transforma grazas á imaxinación e se adorna con sensacións, pequenos detalles e aenos cómplices.

Ademais da brillante utilización da cor e da luz, chama a atención a combinación dunha actitude calma, acaída á contemplación e ao acto creativo, coa sensación de constante movemento dese outono compostelán –conseguido co buligar das follas, o son das campás ou as chemineas e os cafés fumegantes–, no que irrompen as bátegas da chuvia e hai sol e solpores que tinguen o ceo dun laranxa intenso. O “pintor Pintor” artella unha impecable posta en escena e a súa bicicleta, cun papel tan activo coma o do dono, comparte fantasías e participa con el do percorrido pola cidade e a captación do seu ambiente. Un fermoso volume, ideal como agasallo. //Isabel Soto

Compostela ·
David Pintor ·
Kalandraka,
2010 ·
64 páx ·
15 euros ·

